

3. Contra as resolucións, que poñen fin á vía administrativa, cabe interpoñer potestativamente recurso de reposición ou ben directamente recurso contencioso-administrativo.

Oitava.-Pagamento da axuda.

As axudas aboaranse aos beneficiarios mediante transferencia polo importe concedido á conta corrente que figure no impreso de solicitude.

Novena.-Compatibilidade con outras axudas.

As axudas concedidas en virtude desta convocatoria serán compatibles con outras outorgadas para a mesma finalidade por entidades públicas ou privadas, distintas da Administración da Xunta de Galicia, sempre que o importe conxunto das axudas non supere o custo dos gastos ocasionados.

Décima.-Reintegro das axudas.

1. Toda alteración das condicións consideradas para a concesión da axuda ou que o importe das subvencións supere o custo dos gastos de referencia, poderán dar lugar á modificación da resolución de concesión.

2. Procederá a devolución, total ou parcial, da axuda percibida e dos intereses devengados desde o momento do seu aboamento ata a data en que se acorde a procedencia do reintegro nos casos previstos no artigo 78.10º da Ley de réximen financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro. Igualmente procederá este reintegro no caso de que o beneficiario se negase a facilitar a colaboración e documentación que prevé como obriga o punto 11º deste mesmo artigo para efectos de control financeiro.

Undécima.-Recursos.

Contra esta orde cabe interpoñer, potestativamente, o recurso de reposición, ou ben, directamente, o recurso contencioso-administrativo ante a xurisdición contencioso-administrativa.

Disposición derradeira

Primeira.-Habilitación normativa.

Facúltase a Dirección Xeral de Centros e Ordenación Educativa para ditar as instrucións necesarias para a aplicación e desenvolvemento desta orde.

Segunda.-Entrada en vigor.

Esta orde entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 7 de xuño de 2005.

Celso Currás Fernández

Conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria

Orde do 10 de xuño de 2005 pola que se convoca certame de premios ao deseño de páxinas web de centros educativos, ao desenvolvemento de materiais educativos curriculares, a galerías de imaxes en contorno web e a vídeos ou animacións de carácter pedagóxico, dentro do Proxecto Siega.

Na exposición de motivos da Lei orgánica 10/2002, do 23 de decembro, de calidade da educación, dise

que os cambios tecnolóxicos transformaron as sociedades modernas en realidades complexas, afectadas por un forte dinamismo que ten no coñecemento e na información o motor do desenvolvemento económico e social. É un feito constatable que o emprego das tecnoloxías da información e das comunicacións no sistema educativo posibilita e facilita o acceso á información e á formación.

No momento actual existe unha demanda social crecente destes servizos, tanto desde os ámbitos académico e profesional coma desde sectores cada vez máis amplos de poboación interesados na adquisición constante de novos coñecementos. Atendendo a esta demanda, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria entende que o éxito da cidadanía galega na adaptación á sociedade do coñecemento require dunha nova alfabetización que só chegará ao conxunto dos galegos se se aborda a través do sistema educativo.

Por isto, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, a través desta convocatoria e no marco das actuacións que se veñen desenvolvendo dentro do Proxecto Siega (Sistema de Información da Educación Galega), pretende fomentar o desenvolvemento de materiais educativos que supoñan a utilización de ferramentas propias da sociedade da información nos centros educativos.

Para tal fin, e polo mesmo,

DISPOÑO:

Primeiro.-Obxectivo.

O obxectivo desta orde é convocar a III edición dos Premios Siega de Creación de Recursos Educativos e establecer as bases reguladoras deste certame de premios que pretende fomentar o uso das novas tecnoloxías da información e da comunicación no contorno educativo galego.

Segundo.-Modalidades.

Poderase participar nesta convocatoria por catro modalidades:

-Modalidade A: deseño e contidos de páxinas web de centros educativos.

-Modalidade B: desenvolvemento de materiais educativos curriculares en contorno web.

-Modalidade C: galerías de fotografías ou ilustracións en contorno web.

-Modalidade D: vídeos ou animacións de carácter pedagóxico.

Terceiro.-Destinatarios.

-Modalidade A: profesorado de centros educativos de titularidade pública e privados concertados do ámbito territorial da comunidade autónoma galega, que imparta ensinanzas recollidas no artigo 7.3º da Lei orgánica 10/2002, do 23 de decembro, de calidade da educación. O profesorado participante nesta modalidade, a título individual ou en grupo, deberá estar en activo. Tamén deberá formar parte do cadro de persoal do centro titular da páxina web durante o curso 2004/2005 e/ou 2005/2006.

-Modalidades B, C e D: profesorado e alumnado, a título individual ou en grupo, destinado ou matriculado en centros educativos de titularidade pública e privados concertados do ámbito territorial do Estado español e que imparta ou reciba ensinanzas recollidas no artigo 7.3º da Lei orgánica 10/2002, do 23 de decembro, de calidade da educación. O profesorado participante nestas modalidades deberá estar en activo e impartindo ensinanza en niveis non universitarios.

Cuarto.-Asignación económica.

A cantidade total destinada a premios ascende a 48.000 euros. O seu pagamento farase con cargo ás aplicacións orzamentarias da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria 07.01.322T.482.0, en contía de 24.000 euros, e 07.01.322A.482.0, en contía de 24.000 euros, unha vez realizada a retención correspondente.

Quinto.-Requisitos.

Os proxectos que se presenten por calquera das catro modalidades previstas deberán reunir os seguintes requisitos xerais:

-Os traballos deberán ser redactados e presentados en lingua galega, agás as actividades e contidos directamente dirixidos ao alumno que versen sobre as materias de lingua castelá e literatura, que poderán estar en castelán, e lingua estranxeira, que poderán estar no idioma estranxeiro obxecto do traballo. En todo caso, a guía didáctica e a memoria deberán estar obrigatoriamente redactadas en galego.

-Todos os traballos presentados individualmente ou en grupo deberán ser orixinais, non comercializados e non premiados con anterioridade.

-Deberá incluírse toda aquela información escrita, tanto a dirixida ao profesorado como a dirixida ao alumnado, que se considere relevante para un bo aproveitamento do recurso.

-O material presentado non poderá incluír publicidade de empresas, produtos ou servizos comerciais.

-Os materiais presentados pola modalidade A deberán estar publicados no servidor da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria no momento de finalizar o prazo de entrega fixado nesta convocatoria. Ademais deberá entregarse unha copia completa do sitio web en CD-ROM. Non poderán presentarse a esta convocatoria páxinas web de centros educativos premiados ou distinguidos con accésit na convocatoria inmediatamente anterior, aínda que sufriran modificacións ou actualizacións significativas.

-Os materiais presentados polas modalidades B, C e D versarán sobre contidos curriculares das diferentes áreas e niveis educativos non universitarios. Entregaranse por duplicado en CD-ROM e incluírán os códigos fonte.

-Os materiais presentados en que aparezan menores deberán ir acompañados obrigatoriamente da correspondente autorización (anexo VII) para uso

da súa imaxe asinada polos pais, tutores ou representantes legais dos menores.

-Os materiais presentados polas modalidades B, C e D presentarán unha guía didáctica integrada no recurso á cal se poderá acceder desde o propio recurso.

-En todos os materiais educativos eliminaranse os estereotipos sexistas ou discriminatorios e fomentarase o igual valor de homes e mulleres.

-No caso de que os autores non dispoñan da plena titularidade dos dereitos do traballo presentado, terán que achegar un escrito asinado polos posuidores destes en que aceptan as bases deste concurso. O feito de que un produto necesite para o seu funcionamento e libre distribución software propietario-comercial e/ou dereitos que non poidan ser cedidos polo concursante será motivo suficiente para a súa exclusión do concurso.

Ademais de cumpriren estes requisitos xerais, os materiais presentados a concurso deberán cumprir os requisitos técnicos que se especifican no anexo I para asegurar a homoxeneidade e compatibilidade cos servidores web dispoñibles na Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

Sexto.-Solicitudes, documentación e prazo de presentación.

Para a participación nos Premios Siega 2005, será necesario realizar un rexistro mediante formulario electrónico vía web que estará dispoñible no portal educativo da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria (www.edu.xunta.es), na sección de Contidos, en Opcións-Actualidade.

O profesorado ou alumnado que desexe participar deberá seguir os seguintes pasos:

1. Solicitud de participación.

O coordinador de cada traballo presentado a esta convocatoria deberá solicitar a súa participación por correo electrónico ao enderezo premios.siega@edu.xunta.es.

Neste correo, o coordinador do traballo deberá facer constar os seguintes datos:

-Nome e apelidos do coordinador.

-NIF do coordinador.

-Enderezo de correo electrónico de @edu.xunta.es

Nun prazo breve o coordinador recibirá na conta de correo facilitada por el un nome de usuario e un contrasinal que lle dará acceso á súa zona de participación.

Finalmente, o coordinador do traballo deberá imprimir e asinar os anexos que se xeren, correspondentes á modalidade de participación.

2. Documentación.

Esta documentación (anexos), así como as dúas copias en CD-ROM do material, que incluírán a memoria correspondente, presentaranse en sobre pechado no rexistro da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia, ou por calquera dos medios establecidos no artigo 38

da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. No caso de que se envíe por correo certificado, a documentación que deberá xuntarse ao traballo terá que ser datada e selada polo funcionario de correos antes de ser certificada.

A memoria para os participantes na modalidade B deberá conter as seguintes especificacións:

- Exposición e descrición das características técnicas do software e hardware necesarios para a utilización dos programas.

- Descrición do procedemento de elaboración do recurso e dos medios utilizados.

En todas as modalidades deberá presentarse tamén unha copia impresa da memoria.

3. Prazos de presentación.

O prazo de presentación de solicitudes, documentación e materiais comezará o día seguinte ao da publicación da orde no *Diario Oficial de Galicia* e finalizará o día 15 de outubro de 2005.

De conformidade co artigo 71 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, cando nun proxecto non se achegue a documentación exixida, os interesados serán requiridos para a súa presentación nun prazo máximo de dez días hábiles contados desde o día seguinte ao da notificación efectuada.

Sétimo.-Criterios de selección. Comisión de selección.

1. Criterios de valoración. Modalidade A.

Para a valoración das páxinas presentadas teranse en conta tanto a súa calidade técnica coma o seu contido educativo destas:

- Calidade dos contidos relacionados coa organización do centro e a participación da comunidade educativa.

- Calidade, secuenciación e desenvolvemento de actividades e de exercicios relacionados coas diferentes áreas e materias curriculares, cos contidos transversais e co respecto implícito aos valores constitucionais.

- Calidade técnica da páxina web, boa organización desta e facilidade de navegación, segundo se describe no punto quinto desta orde.

- Adaptación á realidade galega, á súa diversidade, aos seus valores e sinais de identidade.

- Nivel de accesibilidade para o alumnado que presente necesidades educativas especiais.

Modalidade B.

Para a valoración dos proxectos presentados, os criterios de selección basearanse nos seguintes aspectos:

- Axuda que presta á resolución de problemas didácticos concretos dunha materia.

- Adaptación á realidade galega, á súa diversidade, aos seus valores e sinais de identidade.

- Deseño pedagóxico e relevancia e volume dos contidos respecto ao total do currículo da materia, así como cantidade de exemplos, exercicios e suxestións de diferentes aplicacións didácticas na aula.

- Estrutura da aplicación que permita a gradación da aprendizaxe en diferentes niveis e propostas pedagóxicas que ofrezan distintos niveis de aprendizaxe.

- Facilidade de manexo, calidade do deseño gráfico, interactividade.

- Adecuación ás últimas tecnoloxías, calidade da documentación do programa, facilidade de modificación por parte do profesorado e transferibilidade aos centros educativos.

- Nivel de accesibilidade da aplicación para as persoas con algunha discapacidade.

Modalidade C.

Terase en conta a calidade técnica e o contido educativo das galerías de imaxes:

- Axuda que presta á resolución de problemas didácticos concretos dunha materia.

- Adaptación á realidade galega, á súa diversidade, aos seus valores e sinais de identidade.

- Aproveitamento didáctico das imaxes presentadas.

- Calidade técnica e artística das fotografías ou ilustracións.

- Contribución a unha visión global do tema escollido.

- Presentación e facilidade de navegación pola galería a través da páxina web índice.

- Nivel de accesibilidade da aplicación para as persoas con algunha discapacidade.

Modalidade D.

Terase en conta a calidade técnica e o contido educativo dos vídeos e animacións:

- Axuda que presta á resolución de problemas didácticos concretos dunha materia.

- Aproveitamento didáctico.

- Adaptación á realidade galega, á súa diversidade, aos seus valores e sinais de identidade.

- Calidade técnica e artística.

- Contribución a unha visión global do tema escollido.

- Nivel de accesibilidade da aplicación para as persoas con algunha discapacidade.

2. Comisión de selección.

Constituirase unha comisión de selección presidida polo secretario xeral da Consellería de Edu-

cación e Ordenación Universitaria ou persoa en quen delegue e integrada polos seguintes membros:

Vogais:

-O subdirector xeral de Sistemas de Información da Educación

-O xefe da área de Sistemas de Información e Comunicacions.

-Catro membros do persoal docente especialistas en novas tecnoloxías.

Secretario:

-Un funcionario da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

A comisión poderá dispoñer a constitución dunha subcomisión técnica especializada para colaborar na valoración daqueles materiais que coide pertinentes.

Unha vez finalizado o proceso de selección, o secretario xeral da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria elevará a proposta de concesión dos premios ao conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria.

A comisión de selección terá a facultade de declarar deserto un, varios ou a totalidade dos premios na proposta de concesión; neste caso resérvase para si o dereito de aumentar o número de premiados/as noutras modalidades ou de outorgar accésits.

Igualmente, a comisión de selección poderá requirir os participantes para que acheguen as informacións e aclaracións que considere oportunas.

A orde de concesión determinará en cada caso os/as beneficiarios/as e a contía dos accésits, sempre respectando os límites orzamentarios.

Oitavo.-Contía dos premios e forma de pagamento.

O pagamento do importe correspondente aos premios, unha vez realizada a retención correspondente, farase por transferencia bancaria a nome do autor ou autora se o traballo é individual. No caso de que o traballo sexa colectivo, o pagamento farase por transferencia bancaria a unha única conta de titularidade compartida entre todos os membros participantes que vaian recibir a asignación económica.

Os premios que se poderán outorgar e a súa contía serán os seguintes:

Modalidade A.

-Equipos de profesorado de centros que imparten ensinanzas de educación infantil e/ou educación primaria:

- a) Un primeiro premio de 2.000 euros.
- b) Un segundo premio de 1.500 euros.
- c) Un terceiro premio de 1.000 euros.

-Equipos de profesorado de centros que imparten o resto de ensinanzas non universitarias.

- a) Un primeiro premio de 2.00 euros.
- b) Un segundo premio de 1.500 euros.
- c) Un terceiro premio de 1.000 euros.

Modalidade B.

-Profesorado e/ou alumnado de centros que imparten ensinanzas de educación infantil e/ou de educación primaria.

- a) Un primeiro premio de 6.000 euros.
- b) Un segundo premio de 4.000 euros.
- c) Un terceiro premio de 3.000 euros.
- d) Un cuarto premio de 1.500 euros.
- e) Un quinto premio de 1.000 euros.

-Profesorado e/ou alumnado de centros que imparten o resto de ensinanzas non universitarias.

- a) Un primeiro premio de 6.000 euros.
- b) Un segundo premio de 4.000 euros.
- c) Un terceiro premio de 3.000 euros.
- d) Un cuarto premio de 1.500 euros.
- e) Un quinto premio de 1.000 euros.

Modalidade C.

-Profesorado e/ou alumnado de centros que imparten ensinanzas de educación infantil e/ou de educación primaria.

- a) Un primeiro premio de 1.000 euros.
- b) Un segundo premio de 600 euros.
- c) Un terceiro premio de 400 euros.

-Profesorado e/ou alumnado de centros que imparten o resto de ensinanzas non universitarias.

- a) Un primeiro premio de 1.000 euros.
- b) Un segundo premio de 600 euros.
- c) Un terceiro premio de 400 euros.

Modalidade D.

-Profesorado e/ou alumnado de centros que imparten ensinanzas de educación infantil e/ou de educación primaria:

- a) Un primeiro premio de 1.000 euros.
- b) Un segundo premio de 600 euros.
- c) Un terceiro premio de 400 euros.

-Profesorado e/ou alumnado de centros que imparten o resto de ensinanzas non universitarias.

- a) Un primeiro premio de 1.000 euros.
- b) Un segundo premio de 600 euros.
- c) Un terceiro premio de 400 euros.

Noveno.-Resolución da convocatoria.

O prazo máximo de resolución será de 6 meses contados a partir do día seguinte ao da publicación da convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*, polo que se entenderán desestimadas as solicitudes presentadas no caso de non resolverse neste prazo.

A proposta da concesión de premios emitida pola comisión de selección será elevada polo secretario xeral ao conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria para a súa resolución e posterior publicación no *Diario Oficial de Galicia*. Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, os interesados poderán interpor recurso potestativo de repo-

sición ante o conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, segundo o disposto nos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, sen prexuízo de cantos outros recursos considere oportuno interpor.

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión dos premios poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión.

Décimo.-Obrigas do beneficiario.

O beneficiario do premio está obrigado:

-Ao reintegro da contía percibida en concepto de premio no suposto de incumprimento das condicións establecidas para a súa concesión.

-A facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, polo Tribunal de Contas e polo Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control.

-A facilitar a información que lle sexa requirida, ademais dos programas fonte cos códigos precisos, textos, imaxes, fontes tipográficas e recursos multimedia. Todo o material premiado quedará en posesión da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, que reserva para si a facultade de publicalo e difundilo polos medios que considere axeitados, e modificalo total ou parcialmente segundo o seu criterio e necesidade. Así mesmo, os autores dos proxectos premiados comprométense a colaborar coa Consellería de Educación e Ordenación Universitaria na adecuación dos traballos aos criterios que esta considere oportunos para a súa difusión e utilización.

Undécimo.-Certificacións dos traballos.

A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria expediralles as oportunas certificacións aos autores dos traballos premiados ou con mención de accésit.

Duodécimo.-Retirada dos materiais non seleccionados.

Os interesados ou persoas debidamente autorizadas disporán dun mes para retirar os traballos non premiados na Subdirección Xeral de Sistemas de Información da Educación da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria a partir do prazo de catro meses contados desde a publicación no *Diario Oficial de Galicia* da resolución de concesión de premios, salvo que non se considere oportuna a súa devolución por estaren interpostas reclamacións ou recursos. Transcorrido o prazo sinalado, destrúanse os materiais non retirados e a Subdirección Xeral de Sistemas de Información da Educación quedará exenta de toda responsabilidade sobre eles.

Décimo terceiro.-Recurso.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, os interesados poderán interpor recurso potestativo de reposición ante o conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, segundo o disposto nos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, sen prexuízo de cantos outros recursos considere oportuno interpor.

Disposición derradeira

Esta convocatoria entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 10 de xuño de 2005.

Celso Currás Fernández

Conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria

ANEXO I

Requisitos técnicos do material presentado a concurso.

Para asegurar a compatibilidade do material presentado cos servidores web, os nomes de todos os arquivos ou carpetas deberán conter unicamente letras minúsculas (agás o ñ), números, guións baixos e puntos. Non se aceptará ningún traballo onde os nomes dos ficheiros conteñan letras maiúsculas, eñes, acentos, espazos en branco ou outros caracteres especiais.

Se as páxinas inclúen compoñentes multimedia que requirisen unha instalación de módulos adicionais no navegador, deberá advertirse isto na páxina inicial e indicar as instrucións de descarga, instalación e configuración necesarias.

Os materiais en contorno web poderán ser estáticos ou dinámicos.

-No caso de ser estáticos realizaranse en formato HTML (extensión .htm) e poderán incluír elementos en Flash, Java, etc.

-No caso de páxinas dinámicas terase presente que o proxecto presentado, sexa na modalidade que sexa, deberá ser compatible cos servidores da consellería. A infraestrutura dispoñible sobre a cal se deben poder executar é a seguinte:

- * S.O. Linux Red Hat AS 2.1.
- * Servidor Web Apache 1.3.
- * PHP 4.
- * MySQL Server 4.

En caso de ser preciso, pódese habilitar un directorio Cgi-bin dentro do directorio raíz do concursante para que poida incluír scripts en Perl. De ser así, os servizos informáticos da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria reservan para si o dereito

a revisar e eliminar todos aqueles scripts que degraden en exceso o servizo ou supoñan algún tipo de problema para a seguridade do servidor. Para estes casos, o camiño ao intérprete de Perl é o seguinte: /usr/bin/perl

Os concursantes que desexen dispoñer de base de datos MySQL no seu proxecto deberán solicitálo á consellería, que lles asignará unha base de datos no servidor, así como un usuario e un contrasinal para utilizala. Só dispoñerán dunha base de datos no servidor, dentro da cal poderán crear as táboas que sexan necesarias. O proxecto deberá ir acompañado dun ficheiro de configuración en que se indique o usuario, o contrasinal e o nome da base de datos, de modo que os administradores de sistemas da consellería poidan modificala se for necesario para o seu funcionamento.

Específicos para a modalidade A:

Os proxectos que se presenten na modalidade A deberán incluír como obrigatorios os seguintes contidos:

- Datos identificativos do centro.
- Ensinanzas que se imparten no centro.
- Xestión administrativa: horarios, avisos, taboleiro de anuncios, etc.

O enderezo será <http://centros.edu.xunta.es/nome>, onde «nome» será a raíz de onde colgarán as páxinas do proxecto. O nome será asignado pola consellería tendo en consideración as propostas dos concursantes. Para a instalación da páxina ou do sitio web, os concursantes deberán prever un procedemento de instalación automática ou ben empregar as ferramentas que a consellería facilitará con este fin.

Específicos para a modalidade C:

As galerías de imaxes presentadas dentro da modalidade C cumpriran obrigatoriamente os seguintes requisitos.

- Un mínimo de 75 imaxes.
- As imaxes deberán vir libres de marcas de auga.
- Presentaranse en formato JPEG, en tres tamaños:
Pequeno : 128× 85 píxeles.
Mediano: 350× 232 píxeles.
Grande: 2048× 1360 píxeles.

-Virán presentadas en contorno web, de xeito que aparezan páxinas iniciais a modo de índice en que se inclúan as miniaturas das fotos e permitan o acceso directo a cada unha.

-Cada imaxe deberá ir acompañada do pé de foto correspondente, onde aparecerán: a data, o motivo representado e, opcionalmente, a aplicación didáctica.

Específicos para a modalidade D:

Os vídeos dixitais presentados dentro da modalidade D cumpriran obrigatoriamente os seguintes requisitos:

-Estarán presentados nalgún dos seguintes formatos usuais de vídeo dixital para internet: AVI (ex-

tensión .avi), MPEG, (extensión.mpg), Quick Time (extensión .mov) ou Windows Media Vídeo (extensión.wmv)

-O tamaño da pantalla será de 320× 240 píxeles.

-A duración será de 8 minutos como máximo.

-A velocidade de 15 fps mínimo, preferiblemente 25 fps.

-Deberase procurar un compromiso entre a calidade e o tamaño do arquivo. Para iso, comprimirase o vídeo facendo uso dos codecs máis avanzados dispoñibles para cada formato. Para formato .avi usarase o codec DivX na súa última versión (actualmente 5.1.1).

-As imaxes deberán ser orixinais. En caso de usar imaxes alleas nunca poderán sobrepassar o 10% da duración total do vídeo.

-As animacións presentadas dentro da modalidade D cumpriran os seguintes requisitos:

* Serán en formato GIF animado (extensión .gif) ou Macromedia Flash (extensión .swf)

* No caso de presentar animacións en formato GIF presentarase ao concurso unha galería de, como mínimo, 5 animacións.

Recomendacións técnicas do material presentado a concurso.

Os materiais que fagan uso do contorno web deberán aterse aos criterios xerais de deseño, navegabilidade e uso que se indican:

-Sempre que sexa posible, evitar no corpo do texto as barras de desprazamento (scroll).

-Ter en conta a correcta visualización nas últimas versións dos navegadores e sistemas operativos máis usados.

-Realizar as interfaces co obxectivo de que o seu deseño sexa visualizado correctamente a partir da configuración de pantalla de 800× 600.

-Usar follas de estilo (CSS).

-Tender á máxima estandarización e a empregar unha simboloxía unívoca e fácil de comprender.

-Presentar en todas as páxinas un menú que permita o acceso rápido ao resto dos contidos do recurso.

-Mediante iconas ou texto, indicarlle a quen navega en que sección se encontra, a onde pode ir, como pode volver á páxina principal, etc.

-Co fin de achegar os contidos aos usuarios, facer un deseño atractivo, amigable e funcional das interfaces.

-Para evitar tempos de descarga excesivos, evitar a sobrecarga de imaxes.

-Favorecer, na medida do posible, a accesibilidade do recurso.

ANEXO II

MODALIDADE A:

Deseño e contidos de páxinas web de centros educativos

O profesorado que figura na seguinte relación solicita a súa participación no concurso convocado pola Orde do de de 2005 da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria (*)

DATOS DO CENTRO E DA PÁXINA WEB

Denominación: Código: CIF:
 titularidade do centro: pública concertada
 Enderezo:
 Localidade: (código postal:)
 Teléfono: Fax:
 Correo electrónico:
 Enderezo da páxina web: http://

COORDINADOR/ PERSOA DE CONTACTO

Apelidos	Nome	NIF	NRP
Enderezo	Localidade	Conta corrente persoal ou comxuna	
C. P.	Teléfono	Correo electrónico	

OUTRO PROFESORADO PARTICIPANTE

Apelidos	Nome	NIF	NRP
Apelidos	Nome	NIF	NRP
Apelidos	Nome	NIF	NRP
Apelidos	Nome	NIF	NRP
Apelidos	Nome	NIF	NRP
Apelidos	Nome	NIF	NRP

Sinatura dos/as participantes

.....de.....de 2005

Asinado: O/A director/a do centro

Selo do centro

CONSELLEIRO DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA.

(*) Os datos persoais recollidos serán tratados co seu consentimento informado nos termos do art. 5 da Lei orgánica 15/1999. De conformidade cos principios dispostos nela, poderase exercer o dereito de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante o responsable do ficheiro

ANEXO III

O profesorado e/ou alumnado que figura na seguinte relación solicita a súa participación no concurso convocado pola Orde do de de 2005 da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria (*) na modalidade (marcar a que corresponda):

- MODALIDADE B: desenvolvemento de materiais educativos curriculares en contorno web
- MODALIDADE C: galerías de imaxes e/ou ilustracións
- MODALIDADE D: vídeos e/ou animacións

TÍTULO DO TRABAJO:

COORDINADOR/ PERSOA DE CONTACTO

Apelidos	Nome	NIF	NRP (no caso do profesorado)
Enderezo	Localidade	Conta corrente persoal ou comxuna	
C. P.	Teléfono	Correo electrónico	Código do centro

OUTROS PARTICIPANTES

Apelidos	Nome	NIF	NRP (no caso do profesorado)
(centro educativo			
Apelidos	Nome	NIF	NRP (no caso do profesorado)
(centro educativo			
Apelidos	Nome	NIF	NRP (no caso do profesorado)
(centro educativo			
Apelidos	Nome	NIF	NRP (no caso do profesorado)
(centro educativo			
Apelidos	Nome	NIF	NRP (no caso do profesorado)
(centro educativo			

Sinatura dos/as participantes

.....de.....de 2005

CONSELLEIRO DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA.

(*) Os datos persoais recollidos serán tratados co seu consentimento informado nos termos do art. 5 da Lei orgánica 15/1999. De conformidade cos principios dispostos nela, poderase exercer o dereito de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante o responsable do ficheiro

ANEXO IV

MODELO DE CERTIFICADO DE ORIGINALIDADE

MODALIDADES: TODAS

D./Dª N.I.F.
 D./Dª N.I.F.
 D./Dª N.I.F.
 D./Dª N.I.F.
 D./Dª N.I.F.
 D./Dª N.I.F.
 D./Dª N.I.F.
 D./Dª N.I.F.
 D./Dª N.I.F.

DECLARAN

Estar en posesión dos dereitos de publicación, distribución e uso da totalidade da experiencia, materiais ou produtos presentados; que o traballo presentado é orixinal, non comercializado nin premiado con anterioridade; que posúen os dereitos e licenzas necesarios de uso e de reprodución do código, texto, imaxes, fontes tipográficas e recursos multimedia incluídos nel.

AUTORIZAN

A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia, no caso de seren premiados, a que reproduza, publique ou aloxe nos seus servidores de información o traballo presentado.

.....de de 2005

O AUTORES AUTORES
SINATURA(*)

CONSEILLERO DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA.

(*) Os datos persoais recollidos serán tratados co seu consentimento informado nos termos do art. 5 da Lei orgánica 15/1999. De conformidade cos principios dispostos nela, poderase exercer o dereito de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante o responsable do fichero

ANEXO V

MODELO DE APROBACIÓN DO CONSELLO ESCOLAR

MODALIDADE A

D./Dª
 como secretario/a do Consello Escolar do centro
 da localidade
 reunido o día de de 2005.

CERTIFICO

Que, reunido o Consello Escolar do centro, este decidiu dar a súa aprobación para solicitar a participación no certame de premios ao deseño e contidos de páxinas web de centros docentes. A páxina web está situada no enderezo:

http://..... de de 2005

SINATURA E SELO DO CENTRO (*)

Viso e prace

PRESIDENTE/A DO CONSELLO ESCOLAR

ASDO.: SECRETARIO/A DO CONSELLO ESCOLAR

CONSEILLERO DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA.

(*) Os datos persoais recollidos serán tratados co seu consentimento informado nos termos do art. 5 da Lei orgánica 15/1999. De conformidade cos principios dispostos nela, poderase exercer o dereito de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante o responsable do fichero

ANEXO VI

MODELO PARA CERTIFICAR A PERTENZA AO CENTRO DO AUTOR OU COAUTORES (*)

MODALIDADES: TODAS

D./Dª
como secretario/a do centro
da localidade de Código

CERTIFICO

Que as persoas que figuran a continuación teñen vinculación con este centro, xa sexa como profesores ou como alumnos, ben durante o curso 2004/2005, ben durante o curso 2005/2006

- Nome: NIF:
- Nome: NIF:
- Nome: NIF:
- Nome: NIF:
- Nome: NIF:
- Nome: NIF:
- Nome: NIF:
- Nome: NIF:

..... de de 2005

SINATURA E SELO DO CENTRO (*)

CONSELLEIRO DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA.

*) Os datos persoais recollidos serán tratados co seu consentimento informado nos termos do art. 5 da Lei orgánica 15/1999. De conformidade cos principios dispostos nela, poderase exercer o dereito de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante o responsable do ficheiro

ANEXO VII

SOLICITUDE DE PERMISO PARA UTILIZAR A IMAXE DE MENORES

MODALIDADES: TODAS

D./Dª
Con NIF e con domicilio en
da localidade de
CP Provincia
pai/mãititor de
alumno do centro con NIF(*)

AUTORIZA o equipo de traballo coordinado por
..... á publicación da imaxe do seu fillo/a
no recurso educativo en liña
que poderá verse no Portal Educativo da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

Este material didáctico, de carácter universal, gratuito e aberto, está exclusivamente suxeito a un uso educativo e non comercial. As accións e produtos derivados da súa utilización non poderán, en consecuencia, xerar ningún tipo de lucro.

..... de de 2005

SINATURA

CONSELLEIRO DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA.

*) Os datos persoais recollidos serán tratados co seu consentimento informado nos termos do art. 5 da Lei orgánica 15/1999. De conformidade cos principios dispostos nela, poderase exercer o dereito de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante o responsable do ficheiro.

CONSELLERÍA DE POLÍTICA AGROALIMENTARIA E DESENVOLVEMENTO RURAL

Orde do 15 de xuño de 2005 pola que se convocan, para a campaña 2005, as axudas para a utilización de métodos de produción agraria compatibles co ambiente.

A crecente sensibilidade social existente no que respecta á protección ambiental, o interese dos produtores en obter producións coa máxima calidade posible, e as exixencias dos consumidores en acceder a produtos con recoñecidas garantías sanitarias, libres de contaminantes e obtidos por métodos naturais e controlados, xustifican o interese en promover políticas de apoio a producións obtidas por métodos de produción agraria compatibles co medio.

O Regulamento (CE) 1257/1999, do Consello, do 17 de maio, sobre axudas ao desenvolvemento rural a cargo do Fondo Europeo de Orientación e Garantía Agraria (FEOGA), modificado polo Regulamento (CE) 1783/2003, do Consello, do 29 de setembro, establece no seu capítulo VI, título II, e nos seus artigos 22 ao 24, un réxime de axudas para a utilización de métodos agropecuarios que permitan protexer o ambiente, manter o campo e mellorar o benestar dos animais.

Pola súa parte, as disposicións de aplicación do Regulamento (CE) 1257/1999, modificado polo Regulamento (CE) 1783/2003, prevense no Regulamento (CE) 817/2004, da Comisión, do 29 de abril, aplicado no ámbito estatal por medio do Real decreto 708/2002, do 19 de xullo, modificado polo Real decreto 172/2004, do 30 de xaneiro, polo que se establecen medidas complementarias ao programa de desenvolvemento rural para as medidas de acompañamento da política agraria común.

Por outra parte o artigo 18 do Regulamento (CE) 1782/2003, do Consello, do 29 de setembro, establece que en cada Estado membro se instaurará un sistema integrado de xestión e control que comprenderá entre outros elementos, un sistema de identificación de parcelas agrarias establecido a partir de mapas ou documentos catastrais ou outras referencias cartográficas usando técnicas dos sistemas informáticos de información xeográfica, incluídas, preferentemente, as ortoimaxes aéreas ou espaciais e que será de aplicación a partir do 1 de xaneiro de 2005.

No Estado español, o Real decreto 2128/2004, do 29 de outubro, polo que se regula o sistema de información xeográfica de parcelas agrícolas, establece os criterios básicos que garantirán o correcto funcionamento do sistema de información xeográfica

de identificación de parcelas (SIXPAC), como ferramenta de obrigada utilización na xestión de axudas comunitarias, sendo a base identificativa das parcelas obxecto de calquera tipo de axuda baseada na superficie.

O SIXPAC na Comunidade Autónoma de Galicia configúrase como unha base de datos das características técnicas definidas no anexo 1 do Real decreto 2128/2004 e de acordo co establecido no seu artigo 3.1º trátase dun rexistro público de carácter administrativo, dependente do Fondo Español de Garantía Agraria (FEGA) e da Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural a través do Fondo Galego de Garantía Agraria (FOGGA) que contén a información das parcelas susceptibles de beneficiarse das axudas comunitarias relacionadas coa superficie e dispón do soporte gráfico do terreo e das parcelas e recintos con usos e aproveitamentos agrarios definidos. A regulación da implantación en Galicia do SIXPAC e da súa utilización como instrumento de xestión e control, recóllese na Orde do 24 de xaneiro de 2005 pola que se regulan as solicitudes de axudas a superficies, primas gandeiras, prima láctea e indemnización compensatoria e establécese o sistema de información xeográfica de parcelas agrícolas en Galicia.

A Orde do 23 de agosto de 2002 estableceu nesta comunidade autónoma as bases reguladoras das axudas para o fomento de métodos de produción agraria compatibles co ambiente, así como a súa convocatoria para o ano 2002. Mediante as ordes do 1 de abril de 2003 e do 17 de xuño de 2004 modificáronse determinados artigos das bases reguladoras e establecéronse as convocatorias das axudas para as campañas 2003 e 2004 respectivamente.

A modificación da normativa comunitaria e estatal, así como a experiencia adquirida coa aplicación destas axudas durante as convocatorias anteriores, fan conveniente efectuar modificacións puntuais nos anexos de solicitude.

Tendo en conta que a dita Orde do 23 de agosto de 2002, con vixencia plurianual, cumpre cos requisitos previstos para as bases reguladoras aplicables á concesión de axudas e subvencións no artigo 78.6º do Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, conforme a redacción dada pola Lei 8/1999, do 30 de decembro, de medidas fiscais e orzamentarias e de función pública e actuación administrativa, establécese nesta orde a convocatoria para o ano 2005, que, ao mesmo tempo, cumpre os requisitos exixidos no artigo 8.3º do Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia.